

## LINGUA GALEGA E CASTELÁ

- Extrae o sentido global dun texto narrativo e exprésao mediante a asociación de ideas ou verbalmente.
- Le un escrito mantendo unha pronunciación, unha entoación e un ritmo axeitados.
- Escribe facendo uso preciso da ortografía.
- Recoñece as clases de palabras dunha oración.
- Escribe correctamente textos descriptivos.
- Forma frases a partir de palabras dadas.
- Resume un conto.
- Realiza descripcións.
- Distingue cal é a intención comunicativa das oracións que se propoñen: preguntar, afirmar ou negar e exclamar.

## MATEMÁTICAS

- Traballa con números de ata seis cifras.
- Calcula sumas, restas , multiplicacións e divisións exactas e enteras.
- Representa e comparar fraccións.
- Recoñece tipos de rectas de ángulos.
- Estima, compara e calcula magnitudes de lonxitude, peso, capacidade, tempo e diñeiro.
- Le e escribir números decimais.
- Traballa con polígonos e corpos xeométricos.
- Recoñece a simetria dunha figura.
- Exercita o cálculo mental.
- Simula compras e vendas con euros.
- Aplica as fraccións en situacións cotiás.
- Le balanzas e reloxos dixitais.
- Recoñece o perímetro e a superficie de figuras xeométricas
- Organiza a información en táboas, listas, columnas para facilitar a súa interpretación.
- Establece relacións entre datos expresados en diferentes linguaxes ou unidades.
- Utiliza internet para buscar e seleccionar información.
- Resolve os problemas expostos planificando unha estratexia adecuada.
- Entende os enunciados das diferentes actividades

## COÑECIMENTO DO MEDIO

- Coñece as partes externas do corpo e algúns órganos importantes para o seu funcionamento.
- Identifica, valora e explica as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico, descanso...
- Identifica e clasifica animais, plantas e rochas, recoñecendo as características básicas de determinadas especies de acordo con criterios científicos.
- Identifica, a partir de exemplos da vida cotiá, algúns dos principais usos que as persoas fan dos recursos naturais e algunas das consecuencias negativas dos usos inadecuados.
- Analizar o proceso seguido desde a súa orixe ata o seu consumo.
- Sinala algunas funcións das organizacións e institucións municipais e do medio próximo e a súa contribución ao funcionamento da sociedade, valorando a importancia da participación activa nelas a través de mecanismos democráticos.
- Valora os costumes, tradicións e sinais de identidade do patrimonio galego.
- Usa as nocións espaciais e a referencia aos puntos cardinais para situarse no medio.
- Manipula e identificar algunas máquinas e aparatos sinxelos, analizando o seu funcionamento, fixándose especialmente na enerxía que utilizan e valorando a importancia de facer un uso responsable da enerxía do planeta.

## LINGUA INGLESA

- Utiliza as normas de cortesía: saúdos, despedidas, dar as grazas e pedir por favor.
- Sabe presentarse e presenta a outros.
- Realiza e responde preguntas sobre o estado de ánimo.
- Pon a data.
- Identifica cores e obxectos da clase.
- Conta ata 100.
- Nomea os días da semana, as estacións e os meses do ano e di como está o tempo atmosférico.
- Sabe o abecedario.
- Identifica as partes da casa e recoñece algúns mobles.
- Nomea animais domésticos e salvaxes.
- Identifica profesións.
- Identifica xogos e deportes.
- Nomea algunas prendas de vestir.
- Nomea as partes do corpo.
- Nomea medios de transporte.
- Usa algúns termos do vocabulario relativo ao aniversario, Nadal, Halloween, Pascua.
- Segue instruccións sinxelas.
- Consolida de forma oral e escrita as estruturas e o léxico traballados durante o ciclo: acción que se poden ou non facer, posesións, expresión de gustos e aficcións, descripcións de persoas, animais e obxectos, permisos

## **EDUCACIÓN FÍSICA**

- Recoñecer cada unha das partes do corpo e o seu carácter global.
- Interiorizar a mobilidade, tanto do eixe corporal como dos diferentes segmentos en posicións diferentes.
- Consolidar a lateralidade.
- Valorar o propio corpo e a actividade física.
- Consolidar hábitos hixiénicos, alimentarios, da postura e de exerciciofísico saudables.
- Desenvolver hábitos para a prevención de accidentes
- Adecuar o movemento ao espazo, individual e colectivamente.
- Desenvolver a destreza visio-manual.
- Desenvolver a mobilidade corporal, independendizando segmentos superiores e inferiores do eixe corporal.
- Tomar conciencia do espazo no que se vive, desprazándose por el en todas direccións e utilizando nocións topolóxicas básicas.
- Percibir con precisión as distancias e os obstáculos en percorridos cada vez más complexos.
- Valorar o interese e o esforzo persoal por enriba do éxito ou dos resultados obtidos.
- Participar con agrado na actividade física, independentemente da súa capacidade.
- Participar en xogos e actividades físicas colectivas.
- Relacionarse cos demais, compartir xogos e actividades físicas, e respectar as normas e as regras que os rexen.
- Evitar comportamentos agresivos e actitudes violentas nos xogos e actividades físicas competitivas.
- Participar en actividades físicas e deportivas organizadas no centro.
- Utilizar de forma axeitada e respectuosa o material co que se realizan as actividades físicas e deportivas, coidando o espazo onde se desenvolven.
- Colaborar na organización de diferentes actividades físicas e deportivas, ocupándose de dispoñer o material necesario para a súa realización.

## **EDUCACIÓN ARTÍSTICA**

### **PLÁSTICA**

- Crear espazos, figuras e obxectos a partir da observación e exploración do medio máis próximo.
- Experimentar con diversas técnicas plásticas e visuais apreciando os valores estéticos e culturais das producións artísticas propias e dos demais.
- Planificar os procesos necesarios para alcanzar os resultados desexados.
- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para a busca, selección, organización e interpretación de informacións sinxelas sobre o medio físico, social e cultural.
- Elaborar obras plásticas con diferentes tipos de materiais, obxectos e técnicas,
- Valorar a lingua como vehículo artístico de comunicación, mediante a escucha e recitación de textos.
- Profundar no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, mediante os trazados xeométricos, estudo da proporción e sistemas de representación sendo sensibles ás súas calidades estéticas e funcionais.
- Desenvolver habilidades de aprendizaxe para ser capaces de aprender de xeito eficaz e autónomo de acordo aos propios obxectivos e necesidades.
- Desenvolver a confianza nun mesmo e o espírito de superación para levar a cabo desexos e proxectos persoais.

## MÚSICA

- Lectura e interpretación de pezas instrumentais e vocais sinxelas.
- Interpretación de ritmos e aplicación deles á danza de forma doada.
- Interpretación de polirritmos con instrumentos de pequena percusión e utilizando o propio corpo para acompañar un tema musical.
- Clasificación dos principais instrumentos da orquesta por familias atendendo a súa forma de execución.
- Identificación de distintas agrupacións vocais e instrumentais.
- Identificación e interpretación dos instrumentos tradicionais da música galega.
- Valoración e coñecemento de instrumentos de diferentes partes do mundo.
- Lectura e interpretación de pezas instrumentais doidas coa frauta e os instrumentos de PAD utilizando as notas de Sol a Re-Mi agudo.
- Audición activa de pezas instrumentais sinxelas realizaos polos compañeros e outras pezas emitidas noutro tipo de formato.
- Respeto polas normas de convivencia.
- Traballo en grupo valorando as ideas propias e as dos compañeros e o traballo e o esforzo personal tanto de forma individual como colectiva.
- Toma de conciencia e repeto pola utilización adecuada dos instrumentos e o materiais propios da clase.

## RELIXIÓN

- Coñecer os aspectos fundamentais do cristianismo e iniciarse no coñecemento de algúns relato das outras relixións.
- Descubrir a acción salvadora e o compromiso de Xesús có home dende os seus feitos e palabras, e aproximarse a algúns rasgos elementais de Abraham e Mahoma.
- Valorar e respectar a Biblia como Palabra de Deus, iniciándose no seu manexo e asociando algunas narracións claves con celebracións do ciclo litúrxico.
- Admirar a acción de Deus Pai na Creación descurbindo no noso protagonismo activo na defensa e mellora da natureza.
- Describir algúns feitos e actitudes de personaxes bíblicos fundamentais, en especial a Xesús como persoa central e a María como colaboradora na salvación e Nai nosa.
- Descubrir o amor de Deus que nos salva a través de Xesús e da acción da Igrexa, Corpo de Cristo.
- Coñecelas manifestacións do Espírito Santo na vida das primeiras comunidades cristiáns e actualmente na vida da Igrexa.
- Descubrila trascendencia e importancia dos sacramentos na vida cristiá, establecendo o paralelismo entre as distintas etapas da vida e os sacramentos.
- Explicar de maneira elemental o sentido das principais festas e celebracións cristiás.
- Reconocer os valores e actitudes que Xesús amosa no Evanxeo e relationalos coa vida dos cristiáns.
- Descubrir que Xesús resucitou e vive para sempre. O don que Deus nos dá dura para sempre